

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona María Rozas Pérez, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, que actúa en nome e representación do concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2023, pola Excm. Sra. Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a esta polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Dona Rosa María Crujeiras Casais, reitora magnífica da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da citada Universidade, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 26/2026, do 6 de abril (DOG do 10 de abril de 2026), conforme ao establecido na Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, con CIF Q1518001A e domicilio no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, CP 15705, Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte os artigos 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a competencia de obrigado exercicio en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e de atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 1.2 que os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o acceso das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, coa finalidade de facer efectivos os principios de liberdade, igualdade e participación social.

Así mesmo, o artigo 2.3 da citada lei dispón que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos legalmente establecidos. Correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do Sistema Galego de Servizos Sociais, entre outras funcións, a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local e a promoción e coordinación dos servizos sociais.

Segundo. O Concello de Santiago de Compostela, considerando que os servizos sociais municipais constitúen o sistema público de protección social máis próximo á cidadanía e que lles corresponde desenvolver programas e prestacións orientados a favorecer a participación, a integración e o benestar social das persoas e dos grupos no seu contorno comunitario, considera necesario promover actuacións que garantan o acceso á atención en saúde bucodental das persoas en situación ou risco de exclusión social respecto daquelas prestacións non incluídas na carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde.

A saúde bucodental constitúe un elemento esencial da saúde integral das persoas e ten unha incidencia directa na súa calidade de vida, favorecendo a capacidade para alimentarse, comunicarse e relacionarse, así como a autoestima, a inclusión social e a inserción sociolaboral. Por iso, facilitar o acceso aos tratamentos bucodentais contribúe á prevención da exclusión social e á mellora do benestar persoal e comunitario.

Terceiro.- A Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e transferencia do coñecemento, así como de desenvolvemento científico e tecnolóxico, ao servizo da sociedade.

En particular, a Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC conta co recoñecemento como centro sanitario outorgado pola Xunta de Galicia, no que se desenvolve unha intensa actividade asistencial desde hai máis de trinta anos, avalada por unha ampla experiencia e recoñecido prestixio.

Na actualidade, a Facultade de Medicina e Odontoloxía constitúe o único centro público da Comunidade Autónoma de Galicia no que se prestan tratamentos bucodentais integrais. A súa relevancia social maniféstase na actividade clínica que desenvolve en favor de colectivos con especiais dificultades de acceso á atención odontolóxica, entre os que se atopan persoas con discapacidade severa, pacientes sometidos a tratamentos de quimioterapia ou radioterapia, menores tutelados e outros colectivos en situación de especial vulnerabilidade.

Cuarto.- A Administración local e a USC non poden permanecer alleas á realidade social que aconsella a adopción de medidas dirixidas a mellorar a calidade de vida das persoas. Entre os distintos ámbitos de actuación que contribúen a este obxectivo destaca o sociosanitario, xa que un adecuado estado de saúde, xunto cunhas condicións sociais favorables, constitúe un factor esencial para o benestar e a inclusión social da cidadanía.

A saúde bucodental da poboación ten unha incidencia directa na súa calidade de vida e repercusións que transcenden o ámbito estritamente individual, afectando á saúde xeral, á autoestima, ás relacións sociais e ás posibilidades de integración e inserción sociolaboral.

Aínda que o Sistema Nacional de Saúde garante unha cobertura pública en materia de atención bucodental, esta resulta limitada para a poboación adulta, circunscribíndose con carácter xeral a determinadas prestacións básicas, polo que unha parte importante dos tratamentos odontolóxicos queda fóra da súa carteira común de servizos. Esta circunstancia dificulta o acceso á atención bucodental das persoas con menores recursos económicos e xustifica a adopción de medidas complementarias de carácter social como as previstas neste convenio.

Quinto.-O Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela consideran que a actividade desenvolvida pola Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC é de indubidable interese público e social para o conxunto da comunidade. Así mesmo, ambas as dúas entidades comparten o obxectivo de promover a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora da calidade de vida das persoas en situación ou risco de exclusión social, polo que consideran conveniente dar continuidade e estabilidade á colaboración que veñen mantendo neste ámbito.

A complexidade das necesidades sociais fai necesaria a cooperación entre as administracións públicas e as institucións de carácter docente e investigador, co fin de optimizar os recursos dispoñibles e mellorar a atención ás persoas destinatarias deste programa.

En consecuencia, e co obxecto de facer efectivos os fins anteriormente expostos, tendo en conta a especificidade da colaboración e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que contempla o convenio como instrumento para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración.

Sexto.- Que, podendo iniciarse o procedemento de concesión tanto de oficio como por solicitude da entidade interesada, a Universidade de Santiago de Compostela, atendendo ao requirimento municipal, presentou no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, con data do 5 de maio de 2026 e número de entrada 2026026464, a documentación necesaria para a subscrición do presente convenio.

Unha vez revisada a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos exixidos pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Concelleira delegada de Dereitos e Servizos Sociais ditou providencia de inicio do expediente de autorización do gasto e concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800023, así como para a formalización do presente convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de contribuír á consecución da finalidade de interese público e social descrita nos expositivos anteriores.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración e regular as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a **Universidade de Santiago de Compostela** para o desenvolvemento do **«Programa de Atención Bucodental a Persoas en Risco de Exclusión Social»**.

O carácter singular deste convenio vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario vinculadas á promoción da saúde bucodental das persoas en situación ou risco de exclusión social.

O interese público e social da actividade desenvolvida pola Universidade de Santiago de Compostela, e en particular pola Facultade de Medicina e Odontoloxía, xunto coa necesidade de garantir unha atención bucodental a persoas con especiais dificultades de acceso a estes servizos, xustifican o establecemento dunha colaboración estable entre ambas as entidades para a consecución dos fins previstos neste convenio.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 6.1.c) da citada norma.

O convenio rexerase polas súas propias cláusulas e, no non previsto nelas, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei; pola lexislación de réxime local que resulte de aplicación e polos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas restantes disposicións de dereito administrativo que resulten aplicables.

As cuestións que poidan xurdir na interpretación, aplicación, seguimento ou cumprimento do presente convenio serán examinadas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo segunda, que formulará as propostas que considere oportunas para a súa resolución.

Sen prexuízo do anterior, as cuestións relativas ao outorgamento, cumprimento, xustificación, pagamento, modificación, reintegro e demais incidencias propias da subvención serán resoltas polo órgano municipal competente, de conformidade coa normativa aplicable, esgotando a vía administrativa. Contra as resolucións que se ditén poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos prazos e termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE

A actividade obxecto deste convenio será financiada mediante a achega económica do Concello de Santiago de Compostela prevista na cláusula quinta.

De conformidade co disposto no artigo 32 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (en diante, RLGS), enténdese que a achega municipal foi establecida como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actividade subvencionada. En consecuencia, corresponderalle á Universidade de Santiago de Compostela asumir, con fondos propios ou mediante outras achegas compatibles, a diferenza de financiamento que resulte necesaria para a completa execución da actividade.

No suposto de que o custo efectivo da actividade subvencionada resulte inferior ao importe da subvención concedida, procederá o reintegro da contía percibida que exceda do dito custo, de conformidade co disposto no artigo 32.2 do RLGS.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso destinado á mesma finalidade, procedente de calquera administración ou entidade pública ou privada, sempre que o importe conxunto das achegas non supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do disposto na normativa que resulte de aplicación.

De conformidade co artigo 34 do RLGS, cando se produza un exceso de financiamento respecto do custo total da actividade como consecuencia da concorrencia doutras subvencións ou axudas compatibles, a Universidade de Santiago de Compostela deberá reintegrar o exceso ás entidades concedentes en proporción ás respectivas achegas. No suposto de que o Concello de Santiago de Compostela aprecie a existencia de exceso de financiamento, esixirá o reintegro da contía que corresponda, ata o límite da subvención concedida ao abeiro deste convenio.

En ningún caso a achega municipal poderá superar o déficit de financiamento da actividade, determinado de acordo co orzamento inicialmente previsto no momento da concesión nin co resultado económico final acreditado na xustificación.

CUARTA. ENTIDADE BENEFICIARIA E CONTIDO.

Denominación do Proxecto: Programa de Atención Bucodental a Persoas en Risco de Exclusión Social (ano 2026)

Descrición do proxecto/programa: A Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC constitúe o único centro público da Comunidade Autónoma de Galicia no que se realizan tratamentos bucodentais integrais. Dende hai décadas, unha boa parte da súa actividade clínica está orientada a colectivos con dificultades de acceso aos coidados odontolóxicos. Así ten desenvolvido programas asistenciais para persoas con discapacidade severa, sometidos a tratamentos de quimio/radioterapia, menores tutelados...

As persoas en situación de risco de exclusión social teñen dificultades evidentes para acceder á atención odontolóxica. A carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde ofrece unha cobertura limitada respecto dunha parte importante dos tratamentos odontolóxicos e case limitado á realización de exodoncias. En consecuencia este colectivo sofre un progresivo deterioro da súa saúde bucodental.

Este programa pretende abordar esta problemática en todas as súas dimensións: facer un traballo de educación sobre saúde bucodental nas persoas beneficiarias (identificación de actitudes de risco, instauración de medidas preventivas), tratamento de dentes susceptibles de poder ser conservados mediante técnicas odontolóxicas básicas, e restitución de dentes perdidos con próteses dentais acrílicas removibles. A boa saúde dental mellorará a capacidade de comer ou falar, a autoestima e as relacións sociais, favorecendo a integración e a inserción social e laboral.

Obxectivos e Prioridades:

Obxectivos Xerais:

- Contribuír á mellora do benestar social das persoas en risco de exclusión social a través da mellora da súa saúde dental.
- Fomentar a adquisición de hábitos de hixiene oral preventivos e condutas saudables para evitar a aparición de novas patoloxías bucodentais.

Obxectivos Específicos:

- Educación sobre hábitos prexudiciais para a saúde oral no plano individual e no ámbito familiar, consecuencias para a calidade de vida, medidas de corrección e de prevención a curto, medio e longo prazo.
- Identificación de patoloxía ósea, dental e/ou mucosa no territorio orofacial.
- Detección precoz e derivación de persoas con lesións malignas ou potencialmente malignas.
- Aplicación de tratamentos preventivos tópicos (fluorización tópica)
- Tratamento de patoloxía dentaria en dentición decidua ou definitiva con técnicas básicas de operatoria dental e/ou periodoncia.
- Rehabilitación funcional e estética por mor de ausencias dentais mediante técnicas básicas de prótese dental removible.

Ámbito territorial:

- Concello de Santiago de Compostela

Persoas destinatarias das actividades do proxecto:

Todas aquelas persoas de entre 5 e 80 anos de idade que cumpran os requisitos para a concesión da prestación bucodental por atoparse en risco de exclusión social segundo os criterios establecidos na Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela (requisitos que serán comprobados polo persoal técnico do Departamento Municipal de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela) e que presenten unha situación odontolóxica abordable dentro dos obxectivos deste programa (requisitos que serán verificados polos profesionais da Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC)

Explicar o impacto previsto na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento:

O impacto na comunidade ten diferentes derivadas:

1. A mellora da colaboración Concello de Santiago – USC no obxectivo común da promoción da saúde
2. Impacto directo na saúde oral e xeral das persoas beneficiarias, redución de patoloxía infecciosa e/ou dolorosa e melloras funcionais e estéticas.
3. Redución dos índices de patoloxías bucodentais polas accións de carácter educacional e preventivo.
4. Impacto de carácter social, integrador e laboral pola mellora na autoestima e autoconfianza asociada a mellora da saúde e estética dental
5. O efecto multiplicador virá asociado aos cambios de hábitos e redución de condutas de risco no ámbito familiar das persoas beneficiarias
6. O seguimento será o propio seguimento das persoas tratadas en termos de mantemento da saúde oral acadada, prevención de novas patoloxías e mellora nas súas relacións sociais e laborais,

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto:

- Persoal docente de materias clínicas do Grao de Odontoloxía.
- Alumnado de 3º, 4º e 5º curso de materias clínicas do Grao de Odontoloxía baixo a supervisión do profesorado responsable
- Persoal de Administración e Servizos asociados ás tarefas clínicas en Odontoloxía.
- Área Asistencial do edificio de Odontoloxía da USC
- Instrumental clínico e material funxible necesario para a atención odontolóxica das persoas beneficiarias.

Avaliación dos resultados:

Informe con indicadores de seguimento co número de persoas beneficiarias, datos desagregados por sexo, número de visitas, idade, tipo de tratamentos realizados...

Visibilidade do proxecto e como se vai a difundir:

Todas estas actividades serán difundidas no sitio web, xornal e redes sociais da USC así como na propia web de Odontoloxía respectando as obrigas de publicidade previstas na cláusula décima

Datas:

De xaneiro a decembro de 2026.

ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER NO PROXECTO: PRESTACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS ODONTOLÓXICOS A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER: Aborda a problemática da saúde bucodental dende o punto de vista educacional mediante a instauración de medidas preventivas e bos hábitos de hixiene oral e dende o punto de vista correctivo mediante o tratamento de afeccións bucodentais.

OBXECTIVOS DESTA ACTIVIDADE: Crear unha conciencia de saúde oral, coñecer os principais factores de risco e promover boas prácticas preventivas.

- Eliminar patoloxías dolorosas/infecciosas
- Restaurar dentes que presentan patoloxías dentais
- Rehabilitar persoas con ausencias dentarias para devolver a función estética perdida.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE.- Persoas de entre 5 e 80 anos de idade que cumpran os requisitos para a concesión da prestación bucodental establecidos na Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Odontoloxía (USC). Rúa Entrerriños, s/n. En Santiago de Compostela

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN/EXECUCIÓN: O persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela identificará as posibles persoas beneficiarias que cumpran os requisitos establecidos na Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

Posteriormente, farase a derivación destas persoas en risco de exclusión social, á Facultade de Medicina e Odontoloxía para a emisión dun informe bucodental segundo o exame realizado polo persoal docente clínico e procederase a iniciar o tratamento indicado no informe.

Concluídas todas as actuacións individuais as persoas doentes, dende a Facultade de Medicina e Odontoloxía remitirase ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela unha ficha-resumo dos tratamentos realizados e o total do gasto realizado.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- Persoal docente de materias clínicas do Grao de Odontoloxía.
- Alumnado de 3º, 4º e 5º curso de materias clínicas do Grao de Odontoloxía
- Persoal de Administración e Servizos asociados ás tarefas clínicas en Odontoloxía.
- Área Asistencial de Odontoloxía da USC
- Instrumental clínico e material funxible necesario para a atención odontolóxica das persoas beneficiarias.

DATAS

De Xaneiro a Decembro de 2026

QUINTA. ACHEGA ECONÓMICA DO CONCELLO

O Concello de Santiago de Compostela comprométese a financiar a execución do **Programa de Atención Bucodental a Persoas en Risco de Exclusión Social (ano 2026)** mediante unha achega económica de **20.000 € (VINTE MIL EUROS)**, con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 4800023** do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co previsto no Anexo ao Estado de Gastos dos capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2026.

SEXTA. OBRIGAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

- a) Destinar integramente a achega económica concedida polo Concello de Santiago de Compostela ao financiamento dos gastos subvencionables derivados da execución do Programa de Atención Bucodental a Persoas en Risco de Exclusión Social (ano 2026), de acordo co establecido neste convenio.
- b) Achegar os medios persoais, materiais, técnicos e organizativos necesarios para o correcto desenvolvemento do programa, asumindo a súa dirección, coordinación e execución.
- c) Executar o programa e cumprir a finalidade que fundamenta a concesión da subvención, así como xustificar perante o Concello de Santiago de Compostela a aplicación dos fondos recibidos, nos termos previstos neste convenio e na normativa de subvencións.
- d) Comunicar por escrito ao Concello de Santiago de Compostela, no prazo máximo dun mes desde que se produzan ou desde que teña coñecemento delas, calquera modificación substancial dos datos identificativos do proxecto ou dos seus obxectivos, para a súa autorización, cando proceda.

e) Relacionarse co Concello exclusivamente por medios electrónicos, de conformidade co disposto nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

f) Comunicar ao Concello, tan pronto como teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á presentación da xustificación, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, nacional ou internacional.

g) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, inspección e control que poidan realizar o Concello de Santiago de Compostela, a Intervención Xeral Municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano competente, facilitando canta información e documentación lle sexa requirida, de conformidade co artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

h) Levar unha contabilidade adecuada ou dispor dos libros contables, rexistros e demais documentos exixidos pola normativa aplicable que permitan identificar de forma diferenciada os ingresos e gastos vinculados á actividade subvencionada, conservando toda a documentación xustificativa durante o prazo legalmente establecido.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos na normativa de subvencións.

j) Cumprir toda a normativa que resulte de aplicación para o desenvolvemento da actividade subvencionada, incluídas as obrigas laborais, de Seguridade Social, tributarias, sanitarias e de prevención de riscos laborais, así como dispoñer das autorizacións e licenzas que, de ser o caso, resulten necesarias. O persoal adscrito á execución do programa dependerá exclusivamente da Universidade de Santiago de Compostela, sen que exista relación laboral, funcional ou de calquera outra natureza co Concello de Santiago de Compostela.

k) Dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal, facendo constar expresamente a colaboración do Concello de Santiago de Compostela en todas as actuacións, publicacións, materiais divulgativos ou presentacións públicas relacionadas coa execución deste convenio, incorporando o logotipo oficial do Concello conforme ao Manual de Identidade Corporativa.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A Universidade de Santiago de Compostela deberá xustificar o cumprimento da finalidade da subvención, a realización das actividades subvencionadas e a aplicación dos fondos recibidos mediante a presentación dunha conta xustificativa, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

A conta xustificativa comprenderá a totalidade dos gastos subvencionables financiados con cargo á achega municipal, así como a relación dos ingresos e demais recursos destinados ao financiamento da actividade subvencionada.

A documentación xustificativa estará integrada, cando menos, polos seguintes documentos:

a) Memoria de actuación, expedida polo órgano competente da Universidade de Santiago de Compostela, acreditativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades desenvolvidas, dos resultados obtidos e do grao de consecución dos obxectivos previstos.

b) Acreditación documental ou gráfica do cumprimento das obrigas de publicidade do financiamento municipal, de conformidade co disposto neste convenio.

c) Memoria económica xustificativa, integrada por:

- Certificación expedida polo órgano competente da Universidade de Santiago de Compostela, nos termos previstos no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acreditativa da toma de razón en contabilidade dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Declaración responsable relativa ás subvencións, axudas, ingresos ou recursos obtidos para a mesma finalidade.

A documentación xustificativa deberá presentarse por medios electrónicos no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela antes do 30 de setembro de 2026, de

conformidade cos prazos establecidos nas Bases de Execución do Orzamento municipal, co fin de posibilitar a comprobación da documentación polo centro xestor, a emenda das deficiencias que, de ser o caso, se aprecien e a posterior fiscalización do expediente pola Intervención Municipal dentro dos prazos de execución orzamentaria.

O pagamento da subvención efectuarase unha vez comprobada polo Concello a adecuada xustificación da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que fundamenta a súa concesión.

OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non supón a existencia de relación laboral, funcional, estatutaria, contractual nin de calquera outra natureza entre o Concello de Santiago de Compostela e o persoal da Universidade de Santiago de Compostela que participe na execución das actuacións obxecto deste convenio.

A Universidade de Santiago de Compostela asumirá, en exclusiva, a dirección, organización e xestión do persoal que adscriba ao desenvolvemento do programa, exercendo respecto del todas as facultades inherentes á condición de empregadora, así como o cumprimento das obrigas laborais, de Seguridade Social, de prevención de riscos laborais e demais obrigas legais que resulten de aplicación.

En consecuencia, o Concello de Santiago de Compostela non asumirá ningunha responsabilidade derivada das relacións xurídicas que a Universidade de Santiago de Compostela manteña co seu persoal, nin poderá considerarse empregador para ningún efecto.

NOVENA. PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E COLABORACIÓN

1.As partes comprométense ao cumprimento das obrigas de publicidade activa e transparencia derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia; da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da restante normativa que resulte de aplicación

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, regúlase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.

2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:

- a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado.
Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados nos termos previstos pola citada normativa vixente. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da USC a favor do Concello de Santiago de Compostela para o tratamento necesario dos datos relevantes da subvención concedida e a súa publicidade.

3. A USC comprométese a:

- 1. Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste convenio o financiamento do Concello de Santiago de Compostela, así como os seus correspondentes logotipos ou aqueloutros que se determinen. En concreto, deberá figurar de forma visible un cartel informativo que indique este cofinanciamento no lugar onde se realicen as actividades, e constar en toda a documentación, publicacións, actuacións de difusión ou convocatorias relativas ou resultantes das actividades obxecto deste convenio.

2. Comunicarlle ao Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentan a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
3. Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello de Santiago de Compostela no referente ao seguimento das actividades obxecto da subvención e remitirlle un informe final detallado das actuacións levadas a termo.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como a obtención concorrente doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, de ser o caso, da contía da subvención, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Procederá a revogación da subvención e, de ser o caso, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes, nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De conformidade co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos incumprimentos serán os seguintes:

- a) O incumprimento total da finalidade que fundamenta a concesión da subvención, da realización da actividade subvencionada ou da obriga de xustificación determinará a perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, o reintegro da totalidade da subvención percibida.

b) O incumprimento parcial dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención, en proporción ao grao de incumprimento, atendendo á parte da actividade non executada ou non xustificada, sempre que resulte acreditado o cumprimento substancial da finalidade perseguida.

En ningún caso o importe das subvencións, axudas, ingresos ou recursos obtidos para o financiamento da actividade poderá superar o custo da actividade subvencionada. De producirse exceso de financiamento, aplicarase o réxime previsto na normativa de subvencións e neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, coordinación, interpretación e avaliación da execución do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento de composición paritaria, integrada por:

Polo Concello de Santiago de Compostela:

- A persoa titular da Concellería competente en materia de Dereitos e Servizos Sociais ou persoa en quen delegue.

Pola Universidade de Santiago de Compostela:

- A persoa titular do Reitorado ou persoa en quen delegue.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o solicite calquera das partes e, en todo caso, sempre que resulte necesario para o adecuado desenvolvemento do convenio.

Correspóndelle á Comisión:

- a) Velar polo correcto desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio.
- b) Resolver, de común acordo, as cuestións de interpretación e aplicación que poidan suscitarse durante a súa execución.
- c) Avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos e das actuacións previstas.
- d) Formular propostas de mellora para a execución do convenio.

Os acordos da Comisión adoptaranse por consenso entre as partes asistentes.

En todo caso, as competencias relativas á concesión, modificación, pagamento, xustificación, comprobación, reintegro e, se é o caso, imposición de sancións derivadas da subvención corresponderán exclusivamente aos órganos competentes do Concello de Santiago de Compostela, de conformidade coa normativa reguladora das subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA.

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo das actuacións de comprobación, control, xustificación, reintegro e demais obrigas que, de conformidade coa normativa de subvencións, deban realizarse con posterioridade á súa finalización.

Serán subvencionables con cargo á achega municipal os gastos derivados das actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de setembro de 2026, sempre que cumpran os requisitos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións.

A execución do programa poderá continuar ata o 31 de decembro de 2026 aos efectos de rematar as intervencións pendentes, sen que os gastos realizados con posterioridade ao 30 de setembro de 2026 sexan imputables á achega económica prevista neste convenio.

E en proba de conformidade, este convenio se asina mediante sinatura electrónica

Dona María Rozas Pérez Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude	Dona Rosa María Crujeiras Casais Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

**ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS
CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO POLO
CONCELLO DE SANTIAGO**

ACTIVIDADE/ PROGRAMA: “ Programa de Atención Bucodental a Persoas en Risco de
Exclusión Social”

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2026
INSTRUMENTAL ODONTOLÓXICO PARA A REALIZACIÓN DE TRATAMENTOS	6.000 €
EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIS)	4.000 €
MATERIAL FUNXIBLE PARA A REALIZACIÓN DE TRATAMENTOS DENTAIS (ANESTESIA, EMPASTES, PRÓTESES, LIMPEZAS...)	10.000 €
TOTAL	20.000 €

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto.

O orzamento é un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.